

1.5.

poboación

Xunto á dispersión ou espallamento xeográfico do hábitat galego (Galicia acolle case o 50% das entidades de poboación españolas), a estrutura poboacional de Galicia caracterizouse pola medra dos seus desequilibrios territoriais. Entre o un de xaneiro de 2005 e o de 2006, fronte ao aumento da poboación nas comarcas costeiras e na Galicia urbana, nas comarcas do interior e o no rural galego segue descendendo o número total de habitantes.

No último ano, Galicia continuou co preocupante e paulatino descenso do peso relativo da súa poboación no total español, que pasa do 6,19% segundo os datos a un de xaneiro de 2006 ao 6,14% da mesma data de 2007. O número de persoas empadroadas na comunidade autónoma a principios de ano era de 2.771.341, un 0,1% máis que no ano anterior.

Este incremento de habitantes ven explicado na súa totalidade polo aumento da poboación estranxeira. Mentres que a poboación empadroada medrou en 3.817 persoas, a poboación estranxeira se incrementou en 7.267 persoas. A pesar deste comportamento, a poboación foránea representa soamente o 2,9% da poboación total galega, sendo esta porcentaxe sete puntos porcentuais inferior á rexistrada de media en España. A importancia relativa da poboación estranxeira en Galicia no conxunto do Estado foi do 1,8% (81.023 persoas). Asemade, cómpre salientar que, a diferenza do acontecido en España, se mantén o predominio das mulleres no colectivo estranxeiro.

Outro aspecto a destacar é a persistencia de fortes movementos migratorios, que explican, en parte, a situación descrita anteriormente. No último ano medrou o **saldo migratorio** positivo para Galicia (16.845 migracións), resultado tanto o saldo positivo co estranxeiro coma polo saldo positivo, por primeira vez dende o ano 2000, co resto das comunidades autónomas españolas.

No que ás migracións internas se refire, aproximadamente oito de cada dez variacións residenciais dentro de Galicia prodúcense dentro da mesma provincia. Asemade, no que atinxe á mobilidade interprovincial, mantense as saídas dende Lugo e Ourense cara a A Coruña e Pontevedra.

Canarias, Madrid e Cataluña son os principais destinos e saídas dos fluxos migratorios co resto do Estado. As tres comunidades acollen, en conxunto, máis da metade destas emigracións e inmigracións galegas. Galicia é a segunda comunidade autónoma, tras Madrid, que recibe máis españois procedentes do estranxeiro, co 15,8% do total, mentres que a importancia relativa de estranxeiros que chegan a Galicia é do 2,1%.

Estrutura e distribución da poboación

A poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2007 medrou un 0,1% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 2.771.341 habitantes (3.817 persoas máis que en xaneiro de 2006). Tendo en conta que a poboación empadroada no conxunto do Estado medrou un 0,9%, no último ano continuou o paulatino descenso do peso relativo da poboación galega no total estatal, que representa o 6,14%, fronte ao 6,19% do ano anterior.

Do mesmo xeito que para o conxunto da poboación galega, o peso relativo dos galegos e galegas continúa reducíndose. A un de xaneiro de 2007, Galicia acollía o 5,99% dos homes e o 6,29% das españolas, cando no mesmo período do ano anterior, estas porcentaxes ascendían ao 6,04% e 6,34%, respectivamente.

Ao igual que acontecera nos últimos anos, rexístrase unha medra da concentración da poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Despois do aumento da poboación residente nestas dúas provincias (3.056 e 4.179 persoas, respectivamente) e o descenso da mesma en Lugo e Ourense (1.589 e 1.829 habitantes menos, respectivamente), o 75% da poboación galega reside en municipios de A Coruña e Pontevedra.

Os datos do *Padrón municipal de habitantes* a 1 de xaneiro de 2006 indican que nas 24 comarcas englobadas na denominada Galicia occidental-costa residían 1.945.109 habitantes (7.301 persoas máis que no ano anterior), o que representa o 70,3% da poboación galega. Pola contra, e a pesar da medra da poboación estranxeira, volve a descender a poboación residente no conxunto das comarcas do interior (1.975 persoas menos), acadando os 822.415 habitantes segundo os datos do Padrón de 2006.

Das trece comarcas galegas nas que medra a poboación, **cadro 1.5.2.**, catro pertencen á denominada Galicia interior: as comarcas de Lugo; de O Carballiño e Ourense, na provincia de Ourense; e a comarca de O Condado, en Pontevedra. Das outras nove comarcas, cinco pertencen á provincia de Pontevedra (O Baixo Miño, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo); tres, á de A Coruña (Barbanza, A Coruña e Santiago); e unha, á provincia de Lugo (A Mariña Oriental).

Se por núcleo urbano se entende todo aquel municipio con máis de dez mil habitantes empadroados, nos 57 concellos galegos considerados como tais residen máis de dúas terceiras partes da poboación galega (1.877.432 persoas). Fronte ao incremento da poboación nestes concellos, 11.291 habitantes máis, a Galicia rural segue a perder poboación, acollendo no derradeiro ano un total de 890.092 persoas, 5.965 habitantes menos que no ano anterior.

Oito de cada dez pontevedreses residen en núcleos de máis de dez mil habitantes, sendo esta relación de sete de cada dez no caso dos empadroados na provincia de A Coruña. Nas provincias de Ourense e Lugo os habitantes nos núcleos urbanos representan o 44% dos habitantes nesas provincias.

Ao igual que o acontecido no ano anterior, e por mor da influencia do aumento da poboación estranxeira (2.203 estranxeiros máis), o número de persoas residentes nos sete grandes núcleos urbanos medrou lixeiramente entre as dúas datas consideradas. A un de xaneiro de 2006, a poboación empadroada nestes concellos ascendeu a 988.115 persoas, o 35,8% da poboación galega, rexistrándose un incremento de 966 persoas.

Santiago, Pontevedra e, nomeadamente, Lugo foron as tres grandes cidades de Galicia que experimentaron unha medra na súa poboación. Pola contra, as caídas máis acusadas déronse en Ferrol e Vigo, con 756 e 470 habitantes menos, respectivamente. (**cadro 1.5.4.**)

• Poboación estranxeira empadroada

O número de estranxeiros empadroados en Galicia a un de xaneiro de 2007 ascendeu a 81.023 persoas, o que representa o 2,9% da poboación galega empadroada nesa data (no conxunto do Estado representa o 9,9%). Comparado co ano anterior, a poboación estranxeira medra en Galicia en 7.267 persoas, polo que o incremento da poboación galega entre o un de xaneiro de 2006 e 2007 ven explicado pola medra da poboación foránea (a poboación total en Galicia

Poboación de dereito nas CC-AA. 2005-06

	Revisión padronal a 1/1/2005		Revisión padronal a 1/1/2006		Total	Hab./Km2	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Mulleres	Homes	Hab./Km2	%	06/05 (variac. absoluta)
	Total	Homes	Mulleres	Total										
Andalucía	7.849.799	3.889.605	3.960.194	7.975.672	3.958.565	4.017.107	91,0	1,6	125.873					
Aragón	1.269.027	632.148	636.879	1.277.471	636.659	640.812	26,6	0,7	8.444					
Asturias	1.076.635	516.329	560.306	1.076.896	516.347	560.549	101,6	0,0	261					
Baleares	983.131	492.642	490.489	1.001.062	501.899	499.163	200,5	1,8	17.931					
Canarias	1.968.280	988.230	980.050	1.995.833	1.001.394	994.439	268,0	1,4	27.553					
Cantabria	562.309	274.797	287.512	568.091	277.869	290.222	106,8	1,0	5.782					
Castela e León	2.510.849	1.240.450	1.270.399	2.523.020	1.247.158	1.275.862	26,8	0,5	12.171					
Castela-A Mancha	1.894.667	950.976	943.691	1.932.261	970.867	961.394	31,8	33,2	37.594					
Cataluña	6.995.206	3.468.235	3.526.971	7.134.697	3.543.706	3.590.991	222,2	2,0	139.491					
C. Valenciana	4.692.449	2.332.283	2.360.166	4.806.908	2.394.307	2.412.601	206,7	2,4	114.459					
Extremadura	1.083.879	539.225	544.654	1.086.373	540.352	546.021	26,1	0,2	2.494					
Galia	2.762.198	1.330.703	1.431.495	2.767.524	1.333.797	1.433.727	93,6	0,2	5.326					
A Coruña	1.126.707	541.189	585.518	1.129.141	542.260	586.881	142,0	0,2	2.434					
Lugo	357.625	173.389	184.226	356.595	172.967	183.628	49,0	-0,3	-1.030					
Ourense	339.555	163.012	176.543	338.671	163.785	175.886	34,4	-0,3	-884					
Pontevedra	938.311	453.103	485.208	943.117	455.785	487.332	209,8	0,5	4.806					
Madrid	5.964.143	2.887.718	3.076.425	6.008.183	2.908.654	3.099.529	741,9	0,7	44.040					
Murcia	1.335.792	677.049	658.743	1.370.306	697.027	673.279	121,1	2,6	34.514					
Navarra	593.472	296.587	296.885	601.874	300.917	300.957	57,9	1,4	8.402					
País Vasco	2.124.846	1.040.525	1.084.321	2.133.684	1.043.849	1.089.835	294,9	0,4	8.838					
A Rioxa	301.084	151.730	149.354	306.377	154.556	151.821	60,7	1,8	5.293					
Ceuta	75.276	38.315	36.961	75.961	38.581	37.280	3.992,7	0,8	585					
Melilla	65.488	33.322	32.166	66.871	33.962	32.909	5.143,9	2,1	1.383					
Total	44.108.530	21.780.869	22.327.661	44.708.964	22.100.466	22.608.498	88,3	1,4	600.434					
Galia / España (%)	6,26	6,11	6,41	6,19	6,04	6,34								

Fonte: INE, Revisión del Padrón Municipal de Habitantes

Poboación de dereito en Galicia 2005-06: distribución segundo comarcas

Comarcas	Revisión do Padrón a 1/1/05			Revisión do Padrón a 1/1/06			05/04	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	(%)	(total)
A Coruña	1.126.707	541.189	585.518	1.129.141	542.260	586.881	0,2	2.434
Arzúa	18.496	9.135	9.361	18.275	9.034	9.241	-1,2	-221
Barbanza	66.832	32.633	34.199	66.854	32.643	34.211	0,0	22
A Barcala	11.321	5.430	5.891	11.133	5.337	5.796	-1,7	-188
Bergantiños	70.458	34.505	35.953	70.213	34.334	35.879	-0,3	-245
Betanzos	39.238	19.084	20.154	39.182	19.079	20.103	-0,1	-56
A Coruña	377.906	179.566	198.340	380.987	181.027	199.960	0,8	3.081
Eume	27.760	13.732	14.028	27.560	13.600	13.960	-0,7	-200
Ferrol	163.669	78.133	85.536	163.477	78.053	85.424	-0,1	-192
Fisterra	24.326	11.927	12.399	24.126	11.787	12.339	-0,8	-200
Muros	15.239	7.361	7.878	15.111	7.303	7.808	-0,8	-128
Noia	36.370	17.496	18.874	36.276	17.481	18.795	-0,3	-94
Ordes	38.396	18.786	19.610	38.351	18.788	19.563	-0,1	-45
Ortegal	15.810	7.644	8.166	15.337	7.413	7.924	-3,0	-473
Santiago	152.842	72.587	80.255	154.855	73.558	81.297	1,3	2.013
O Sar	17.306	8.294	9.012	17.208	8.237	8.971	-0,6	-98
Terra de Melide	13.854	6.898	6.956	13.821	6.877	6.944	-0,2	-33
Terra de Soneira	20.713	10.141	10.572	20.399	9.994	10.405	-1,5	-314
Xallas	16.171	7.837	8.334	15.976	7.715	8.261	-1,2	-195
Lugo	357.625	173.399	184.226	356.595	172.967	183.628	-0,3	-1.030
Os Ancares	13.109	6.834	6.275	12.818	6.691	6.127	-2,2	-291
Chantada	16.144	7.845	8.299	15.792	7.670	8.122	-2,2	-352
A Fonsagrada	6.908	3.624	3.284	6.753	3.542	3.211	-2,2	-155
Lugo	115.814	55.019	60.795	116.840	55.458	61.382	0,9	1.026
A Mariña Central	30.359	14.712	15.647	30.357	14.798	15.559	0,0	-2
A Mariña Occidental	27.560	13.432	14.128	27.428	13.367	14.061	-0,5	-132
A Mariña Oriental	17.268	8.194	9.074	17.405	8.297	9.108	0,8	137
Meira	6.214	3.051	3.163	6.124	3.018	3.106	-1,4	-90
Quiroga	6.800	3.308	3.492	6.590	3.211	3.379	-3,1	-210
Sarria	25.485	12.656	12.829	25.406	12.580	12.826	-0,3	-79
Terra Chá	46.688	22.939	23.749	46.340	22.790	23.550	-0,7	-348
Terra de Lemos	34.641	16.569	18.072	34.270	16.403	17.867	-1,1	-371
A Ulloa	10.635	5.216	5.419	10.472	5.142	5.330	-1,5	-163
Ourense	339.555	163.012	176.543	338.671	162.785	175.886	-0,3	-884
Allariz-Maceda	15.120	7.374	7.746	15.031	7.351	7.680	-0,6	-89
Baixa Limia	9.245	4.373	4.872	9.051	4.329	4.722	-2,1	-194
O Carballiño	29.852	14.131	15.721	29.874	14.172	15.702	0,1	22
A Limia	24.266	11.925	12.341	24.172	11.901	12.271	-0,4	-94
Ourense	144.282	68.254	76.028	144.817	68.482	76.335	0,4	535
O Ribeiro	20.154	9.556	10.598	19.801	9.413	10.388	-1,8	-353
Terra de Caldeas	4.203	2.103	2.100	4.102	2.057	2.045	-2,4	-101
Terra de Celanova	21.963	10.433	11.530	21.700	10.344	11.356	-1,2	-263
Terra de Trives	5.473	2.769	2.704	5.374	2.725	2.649	-1,8	-99
Valdeorras	28.984	14.283	14.701	28.852	14.240	14.612	-0,5	-132
Verín	28.697	14.106	14.591	28.672	14.096	14.576	-0,1	-25
Viana	7.316	3.705	3.611	7.225	3.675	3.550	-1,2	-91
Pontevedra	938.311	453.103	485.208	943.117	455.785	487.332	0,5	4.806
O Baixo Miño	48.042	23.424	24.618	48.923	23.900	25.023	1,8	881
Caldas	35.208	16.961	18.247	35.163	16.911	18.252	-0,1	-45
O Condado	40.192	19.513	20.679	41.065	20.043	21.022	2,2	873
Deza	45.328	22.104	23.224	45.031	21.972	23.059	-0,7	-297
O Morrazo	81.895	40.502	41.393	82.361	40.867	41.494	0,6	466
A Paradanta	17.120	8.216	8.904	16.948	8.168	8.780	-1,0	-172
Pontevedra	119.981	57.402	62.579	121.004	57.906	63.098	0,9	1.023
O Salnés	107.538	52.245	55.293	108.685	52.795	55.890	1,1	1.147
Tabeirós-Terra de Montes	29.011	13.644	15.367	28.848	13.578	15.270	-0,6	-163
Vigo	413.996	199.092	214.904	415.089	199.645	215.444	0,3	1.093
Galicia	2.762.198	1.330.703	1.431.495	2.767.524	1.333.797	1.433.727	0,2	5.326

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes

1.5.2.

Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2005-06

	2005		2006		06/05		Concellos >10.000 habs.
	(% / total provincial)		(% / total provincial)		(%)		
A Coruña	798.416	70,9	803.522	71,2	5.106	0,6	24
Lugo	155.812	43,6	157.245	44,1	1.433	0,9	5
Ourense	149.229	43,9	149.597	44,2	368	0,2	4
Pontevedra	762.684	81,3	767.068	81,3	4.384	0,6	24
Total	1.866.141	67,6	1.877.432	67,8	11.291	0,6	57

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Padrón Municipal de Habitantes

1.5.

1.5.3.

Poboación das sete grandes cidades 2005-06

	Revisión do	Revisión do	06/05	
	Padrón a 1/1/05	Padrón a 1/1/06	(%)	(total)
Vigo	293.725	293.255	-0,2	-470
A Coruña	243.349	243.320	0,0	-29
Ourense	108.358	108.137	-0,2	-221
Santiago	92.919	93.458	0,6	539
Lugo	92.271	93.450	1,3	1.179
Pontevedra	79.372	80.096	0,9	724
Ferrol	77.155	76.399	-1,0	-756
Total	987.149	988.115	0,1	966
Total / total C.A. (%)	35,9	35,8	-	-

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes

○ 1.5.4.

Poboación estranxeira residente e poboación total en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2007

	Estranxeiros (1)			Poboación total (2)			(1) / (2) (%)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
España	4.482.568	2.375.783	2.106.785	45.116.894	22.296.133	22.820.761	9,9
Galicia	81.023	39.415	41.608	2.771.341	1.336.537	1.434.804	2,9
A Coruña	27.906	12.901	15.005	1.132.197	544.049	588.148	2,5
Lugo	8.983	4.394	4.589	355.006	172.328	182.678	2,5
Ourense	12.405	6.023	6.382	336.842	161.976	174.866	3,7
Pontevedra	31.729	16.097	15.632	947.296	458.184	489.112	3,3
				(%)			
Galicia / España	1,8	1,7	2,0	6,1	6,0	6,3	
A Coruña / Galicia	34,4	32,7	36,1	40,9	40,7	41,0	
Lugo / Galicia	11,1	11,1	11,0	12,8	12,9	12,7	
Ourense / Galicia	15,3	15,3	15,3	12,2	12,1	12,2	
Pontevedra / Galicia	39,2	40,8	37,6	34,2	34,3	34,1	

Fonte: INE, Revisión del Padrón municipal 2005

○ 1.5.5.

incrementouse en 3.817 persoas). En termos relativos, a poboación estranxeira medra un 9,9% respecto aos datos do padrón do ano 2006, sendo esta medra do 8,9% no caso das mulleres (3.383 mulleres máis) e 10,9% no dos homes (3.884 varóns máis). O **cadro 1.5.5.** indica que Galicia acolle o 1,8% dos estranxeiros empadroados en España, mentres que a poboación galega representa o 6,1% da poboación española.

Pontevedra segue sendo a provincia que acolle o maior número de estranxeiros, con 28.180 persoas, seguida de A Coruña, cun total de 25.468 estranxeiros. Dos datos dos padróns municipais de habitantes a 1 de xaneiro de 2006 e 2007, cómpre salientar a forte taxa de crecemento da poboación estranxeira en Lugo e Pontevedra, con incrementos superiores ao 12%. En termos absolutos, o maior incremento produciuse en Pontedra, con 3.549 persoas máis (12,6%).

No que atinxe ao seu peso relativo na poboación total empadroada, o 3,7% da poboación empadroada en Ourense é estranxeira, sendo esta porcentaxe do 3,3% en Pontevedra e do 2,5% en A Coruña e Lugo. A pesar do seu crecemento, esta última provincia é a que rexistra o menor número de estranxeiros empadroados, con 8.983 persoas (991 máis que o primeiro de xaneiro de 2006).

Do conxunto de estranxeiros empadroados en Galicia, máis de catro de cada dez persoas proveñen de Portugal, Colombia ou Brasil. Un 17,9% do total de estranxeiros empadroados é de nacionalidade portuguesa, mentres que os de nacionalidade colombiana e brasileira supoñen o 10,9% e 8,7% dos estranxeiros, respectivamente. Atendendo á importancia relativa no conxunto do Estado, cómpre salientar que as persoas de nacionalidade portuguesa residentes en Galicia

representan o 16,4% dos portugueses empadroados en España, sendo estas porcentaxes do 9,1% no caso da comunidade cabo verdiana, do 8,9% no das persoas procedentes de Brasil e do 8,8% no caso das persoas de nacionalidade venezolana.

De xeito similar á distribución da poboación galega, case tres cuartas partes dos estranxeiros empadroados o están nas provincias de Pontevedra e A Coruña (72,7% da poboación foránea). Cómpre salientar a importancia relativa dos portugueses en Ourense, que acolle o 37% dos portugueses empadroados en Galicia. Asemade, nesta provincia catro de cada dez estranxeiros proveñen de Portugal.

Movemento natural da poboación

Segundo os *Indicadores demográficos básicos* do INE, no ano 2006 o número medio de fillos por muller en Galicia foi de 1,03, lonxe da media a nivel estatal que se sitúa en 1,37 fillos por muller. O **cadro 1.5.6.** reflicte que Pontevedra segue a ser a provincia coa taxa máis elevada, con 1,12 fillos por muller, seguida de A Coruña, con 1,03 fillos por muller. Ao igual que o acontecido nos últimos anos, a idade media á maternidade en Galicia (31,3 anos) sitouse por riba da media estatal (30,9 anos).

A taxa da natalidade en Galicia volve a medrar en 2006, acadando os 7,89 nacementos por cada 1.000 habitantes (7,77 nacementos do ano anterior). En España a taxa de natalidade tamén continuou crescendo, situándose a mesma nos 10,92 nacementos por cada mil habitantes fronte aos 10,75 nacementos por cada 1.000 habitantes do ano anterior. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia presenta un índice tan só superior ao rexistrado en Asturias (7,28).

En termos absolutos, **cadro 1.5.8.**, en 2006 naceron en Galicia un total de 21.469 nenos (372 nacementos máis que no ano anterior) o que representan o 4,5% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos, con 9.030 e 8.367 nacementos, respectivamente, acollendo o 81% do total galego.

A taxa de mortalidade situouse no conxunto de Galicia nas 10,80 defuncións por cada mil habitantes (10,82 no ano anterior), moi por riba das 8,42 defuncións por cada mil habitantes no conxunto do Estado (8,93 defuncións en 2005). Esta ratio volve a situar a Galicia como a segunda comunidade autónoma co índice máis elevado, tan só superada por Asturias, con 11,64 falecementos por cada habitantes.

Xunto a este comportamento da taxa de mortalidade, cómpre salientar a medra da taxa de mortalidade infantil en Galicia, **cadro 1.5.9.**, que pasa dos 3,18 falecementos por cada 1.000 nacementos o un de xaneiro de 2006 (3,78 falecementos no conxunto do Estado) aos 3,54 do 2007 (3,77 en España). Tan só a provincia de Pontevedra experimenta unha caída da súa taxa de mortalidade infantil, que acada os 2,63 falecementos por cada mil nacementos. A Coruña foi a provincia coa taxa máis elevada, con 4,54 defuncións por cada mil nacementos, acadando en Lugo un valor de 3,44 falementos e en Ourense os 2,94 mortos por cada mil nacementos.

En 2006 producíronse en Galicia un total de 29.375 defuncións, oito menos que no ano anterior, representando o 7,9% do total de defuncións habidas en España no último ano. Todas as provincias agás A Coruña presentan unha caída do número de falecementos, rexistrando Ourense e Pontevedra os maiores descensos, con case 200 falecementos menos. Tras esta evolución, A Coruña rexistrou en 2006 un total de 12.003 falecementos, seguida de Pontevedra con 8.212 mortes, e Lugo e Ourense, con 4.670 e 4.490 defuncións, respectivamente.

A evolución dos nacementos e das defuncións explica a evolución do crecemento vexetativo. Mentres que no conxunto do Estado o saldo é positivo (109.835), Galicia rexistra o valor negativo máis notorio de todas as comunidades autónomas (-7.906). A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2006 o saldo vexetativo é negativo en tres das catro provincias, acadando Pontevedra un saldo positivo de 155.

Ao contrario do que acontece no ano 2005, en Galicia mantense o número de **interrupcións voluntarias de embarazo**, acadando as 4,43 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44

Número medio de fillos por muller en Galicia e España 2002-06

	2002	2003	2004	2005	2006 (1)
Galicia	0,95	1,00	1,00	1,02	1,03
A Coruña	0,93	0,98	1,00	1,02	1,04
Lugo	0,81	0,87	0,85	0,89	0,88
Ourense	0,82	0,92	0,86	0,87	0,92
Pontevedra	1,06	1,09	1,10	1,11	1,12
España	1,26	1,31	1,33	1,35	1,37

(1) datos provisionais
 Fonte: INE, Indicadores demográficos básicos

○ 1.5.6.

Taxas (1) de nupcialidade, natalidade e mortalidade nas CC.AA. 2005-06 (2)

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
Andalucía	5,44	5,47	11,87	12,17	8,52	7,97
Aragón	4,54	4,49	9,29	9,74	10,94	10,24
Asturias	4,63	5,00	7,07	7,28	12,00	11,64
Baleares	4,39	4,19	11,24	11,68	7,57	7,83
Canarias	3,49	3,44	10,42	10,41	6,63	6,56
Cantabria	5,19	5,42	9,50	9,12	9,69	9,94
Castela e León	3,98	4,79	7,85	7,98	11,11	10,35
Castela - A Mancha	4,80	5,25	10,14	10,21	9,62	8,83
Cataluña	4,69	4,68	11,63	11,73	9,01	8,35
C. Valenciana	5,25	4,83	11,05	11,25	8,79	8,39
Extremadura	4,29	5,02	9,34	9,58	10,44	9,42
Galicia	4,03	4,42	7,77	7,89	10,82	10,80
Madrid	4,83	3,99	11,80	11,98	6,95	6,76
Murcia	5,06	4,77	13,15	13,43	7,54	7,25
Navarra	4,57	4,61	10,52	10,80	8,89	8,52
País Vasco	4,53	4,45	9,34	9,56	9,21	8,68
A Rioxa	4,73	4,66	10,21	10,01	9,62	8,65
Ceuta	5,06	4,42	14,92	19,70	6,96	6,42
Melilla	4,84	5,57	15,16	20,38	6,20	6,68
España	4,80	4,70	10,75	10,92	8,93	8,42

(1) Tódalas taxas son por 1.000 habitantes
 (2) Os datos de 2005 son definitivos e os datos de 2006 son provisionais
 Fonte: INE, Movimiento Natural de la Población

○ 1.5.7.

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 2005-06 (1)

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006	2005	2006
A Coruña	4.710	5.043	8.816	9.030	11.463	12.003	-2.647	-2.973
Lugo	1.075	1.244	2.066	2.038	4.832	4.670	-2.766	-2.632
Ourense	1.119	1.338	1.911	2.034	4.682	4.490	-2.771	-2.456
Pontevedra	4.072	4.481	8.304	8.367	8.406	8.212	-102	155
Total	10.976	12.106	21.097	21.469	29.383	29.375	-8.286	-7.906
España	209.415	211.818	466.371	481.102	387.355	371.267	79.016	109.835

(1) Os datos de 2005 son definitivos e os datos de 2006 son provisionais
 Fonte: INE, Movimiento natural de la población

○ 1.5.8.

Taxa(1) de mortalidade infantil en Galicia e España 2004-06
 (2)

	2004	2005	2006
Galicia	3,15	3,18	3,54
A Coruña	3,16	3,86	4,54
Lugo	3,99	1,94	2,94
Ourense	3,16	1,57	3,44
Pontevedra	2,94	3,13	2,63
España	3,99	3,78	3,77

(1) mortalidade infantil por cada 1.000 nacementos
 (2) Ano 2006: datos provisionais
 Fonte: INE, Demografía y población

○ 1.5.9.

Interrupcións voluntarias do embarazo nas CC.AA 2004-05:
distribución segundo C.A. de residencia (1)

	2004	2005
Andalucía	8,98	9,99
Aragón	10,10	10,92
Asturias	8,55	8,27
Baleares	12,38	12,57
Canarias	6,23	7,23
Cantabria	4,51	4,42
Castela - A Mancha	5,79	6,65
Castela e León	5,80	5,86
Cataluña	10,89	11,46
Comunidade Valenciana	8,60	9,10
Estremadura	5,19	5,26
Galicia	4,47	4,43
Madrid	12,03	12,81
Murcia	10,48	11,70
Navarra	5,22	5,21
País Vasco	4,47	5,42
A Rioxa	7,58	8,22
Ceuta e Melilla	3,10	3,25
Total	8,94	9,60

(1) Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos

○ 1.5.10.

Títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro 2006

	categoría xeral	categoría especial	Total
A Coruña	6.604	377	6.981
Lugo	1.529	134	1.663
Ourense	1.314	136	1.450
Pontevedra	6.384	506	6.890
Total	15.831	1.153	16.984

Fonte: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Muller e Xuventude

○ 1.5.11.

anos no ano 2005 (último dato dispoñible). Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 1.5.10.**, Galicia continúa sendo unha das comunidades con menor número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, tras Cantabria (4,42) e Ceuta e Melilla (3,25).


O número de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro de 2006 ascendeu a 16.984 títulos, dos que 15.831 son títulos de categoría xeral. Atendendo á súa distribución provincial, A Coruña e Pontevedra son as que teñen un maior número de títulos expedidos, con 6.981 e 6.890 títulos respectivamente, o que supón que ambas as dúas provincias acollen o 82,1% do total de títulos de familia numerosa en vigor.

Movementos migratorios

O saldo migratorio en Galicia continuou coa súa tendencia crecente, acadando no derradeiro ano un valor positivo de 16.845. O **cadro 1.5.12.** indica que este saldo é resultado dun saldo positivo no caso das migracións co estranxeiro (16.752 movementos) e, por primeira vez dende o ano 2000, dun saldo positivo co resto do Estado (93 movementos).

Os fluxos migratorios de idades comprendidas entre 16 e 44 anos representan o 63,1% do total de emigracións e o 60,8% das inmigracións. Todos os grupos de idades, tanto no caso dos homes coma das mulleres, presentan en 2005 un saldo migratorio positivo.

Mentres que as provincias de A Coruña e Pontevedra acollen máis das tres cuartas partes



○ 1.5.12.

dos fluxos migratorios (a poboación total nestas provincias supón o 74,8% da poboación galega), a provincia de Ourense é a que maior número de saídas ten por cada mil habitantes, con 34,4 emigracións (a media galega é de 29,5 saídas por cada mil habitantes), seguida de A Coruña, con 32,2 emigracións. No caso das entradas nos concellos galegos, Ourense e A Coruña presentan 39,2 e 38,3 saídas por cada mil habitantes, respectivamente.

Á hora de analizar os movementos residenciais consideraranse, en primeiro lugar, os fluxos migratorios producidos entre concellos galegos, para posteriormente centrarse nos fluxos coas outras comunidades españolas e os fluxos migratorios de Galicia fóra de España.

O número total de **migracións internas** (dentro da mesma comunidade autónoma) ascendeu en 2005 (último ano dispoñible) a 58.931, o que representa 21,3 migracións por cada mil habitantes. Entre as características destes fluxos migratorios cómpre salientar, dunha banda, que as variacións residenciais dentro de Galicia se producen, na súa meirande parte, dentro da mesma provincia (82,4%). Doutra, no que á mobilidade interprovincial se refire, mantense as saídas dende Lugo e Ourense cara a A Coruña e Pontevedra.

No que atinxe ás características dos migrantes, tres de cada dez movementos migratorios corresponden a fluxos de idades entre 25 e 34 anos, relación que sería de case setenta e cinco de cada cen no caso das idades comprendidas entre 16 e 64 anos. Os fluxos migratorios seguen caracterizándose no ano 2005 por un maior protagonismo das mulleres, que representan o 51,3% das migracións. Esta porcentaxe segue sendo máis elevada no caso das persoas con máis de 65 anos, co 58,8%, e no das mulleres con idades comprendidas entre 16 e 24 anos e 25 e 44 anos, ao representar o 56,4% e 52,6%, respectivamente.

No concernente ás migracións externas, os **fluxos migratorios co resto das comunidades autónomas** presentan por primeira vez dende o ano 2000 un saldo positivo. O número total de migracións cara ás outras CC.AA. ascendeu a 19.509, mentres que as procedentes doutras comunidades autónomas acadou as 19.602. En relación aos saldos coas comunidades autónomas españolas, o **cadro 1.5.13.** reflicte que Galicia presenta un saldo positivo con Madrid, Castela e León, País Vasco, Asturias, Extremadura e Cantabria, ademais de Ceuta e Melilla.

Tanto no caso das saídas como das entradas, rexístrase un lixeiro predominio dos homes, xa que o 51,9% dos inmigrantes e o 52% dos emigrantes cara o resto do Estado son homes. A tendendo á distribución segundo idades, cómpre salientar que o saldo positivo rexístrase en todos os grupos de idade agás os comprendidos entre 16 e 34 anos. Asemade, mantense o predominio das mulleres no caso das persoas con idades comprendidas entre 16 e 24 anos e de máis de 65 anos.

Movements migratorios en Galicia 2004-05

	Emigracións		Inmigracións		Saldo migratorio	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005
Total	79.957	81.521	95.009	98.366	15.052	16.845
Migracións internas	57.312	58.931	57.312	58.931		
Á mesma provincia	46.903	48.560	46.903	48.560		
Á mesma comarca	25.938	26.731	25.938	26.731		
Outra comarca	20.965	21.829	20.965	21.829		
A outra provincia galega	10.409	10.371	10.409	10.371		
Migracións externas	22.645	22.590	37.697	39.435	15.052	16.845
Resto de España	20.208	19.509	18.331	19.602	-1.877	93
Andalucía	1.747	1.487	1.370	1.358	-377	-129
Aragón	387	387	292	350	-95	-37
Asturias	995	1.022	1.075	1.224	80	202
Balears	1.071	1.021	895	942	-176	-79
Canarias	4.168	3.945	3.408	3.635	-760	-310
Cantabria	264	296	220	297	-44	1
Castela e León	1.371	1.435	1.685	1.833	314	398
Castela-A Mancha	401	460	352	421	-49	-39
Cataluña	2.905	2.820	2.589	2.796	-316	-24
Extremadura	191	161	180	181	-11	20
Madrid	3.219	3.109	3.397	3.514	178	405
Murcia	396	409	299	302	-97	-107
Navarra	228	260	207	191	-21	-69
C. Valenciana	1.644	1.535	967	1.030	-677	-505
País Vasco	999	953	1.160	1.297	161	344
A Ríoxa	148	150	135	145	-13	-5
Ceuta	31	25	48	45	17	20
Melilla	43	34	52	41	9	7
Estranxeiro	2.437	3.081	19.366	19.833	16.929	16.752

Fonte: IGE, Movements migratorios

○ 1.5.13.

Movements migratorios en Galicia 2005: distribución segundo provincias

	Emigracións				Inmigracións			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	36.267	8.427	11.690	25.137	43.182	10.266	13.319	31.599
Migracións internas	27.062	6.026	8.412	17.431	27.751	5.709	7.836	17.635
Á mesma provincia	23.899	4.173	6.303	14.185	23.899	4.173	6.303	14.185
A outra provincia galega	3.163	1.853	2.109	3.246	3.852	1.536	1.533	3.450
Migracións externas	9.205	2.401	3.278	7.706	15.431	4.557	5.483	13.964
Resto de España	7.787	2.209	2.826	6.687	7.870	2.586	2.590	6.556
Andalucía	694	128	153	512	677	98	122	461
Aragón	175	30	48	134	164	48	49	89
Asturias	361	342	98	221	460	401	101	262
Balears	448	87	118	368	434	61	64	383
Canarias	1.621	256	318	1.750	1.602	191	251	1.591
Cantabria	140	55	25	76	137	45	19	96
Castela e León	519	178	351	387	648	231	379	575
Castela-A Mancha	191	70	70	129	180	50	61	130
Cataluña	1.047	373	554	846	887	562	545	802
Extremadura	47	20	37	57	73	23	17	68
Madrid	1.213	361	478	1.057	1.390	557	433	1.134
Murcia	217	19	38	135	158	23	29	92
Navarra	100	22	36	102	65	33	31	62
C. Valenciana	594	135	230	576	382	94	159	395
País Vasco	332	113	227	281	512	152	299	334
A Ríoxa	55	18	41	36	60	11	24	50
Ceuta	12	2	-	11	23	4	3	15
Melilla	21	-	4	9	18	2	4	17
Estranxeiro	1.418	192	452	1.019	7.561	1.971	2.893	7.408

Fonte: IGE, Movements migratorios

○ 1.5.14.

Inmigracións 2005: distribución segundo tipo de migración, sexo e idade

	Homes						
	Total	Inmigración interna			Inmigración externa		
			Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A. Do estranxeiro		
Total	48.947	28.713	23.627	5.086	20.234	10.182	10.052
< 16 anos	8.159	5.058	4.345	713	3.101	1.470	1.631
16 - 24 anos	6.053	3.243	2.759	484	2.810	1.176	1.634
25 - 34 anos	14.279	8.523	6.913	1.610	5.756	3.212	2.544
35 - 44 anos	9.083	5.453	4.426	1.027	3.630	1.927	1.703
45 - 54 anos	4.567	2.610	2.148	462	1.957	944	1.013
55 - 64 anos	3.169	1.675	1.353	322	1.494	676	818
Maiores 65 anos	3.637	2.151	1.683	468	1.486	777	709

	Mulleres						
	Total	Inmigración interna			Inmigración externa		
			Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A. Do estranxeiro		
Total	49.419	30.218	24.933	5.285	19.201	9.420	9.781
< 16 anos	7.691	4.749	4.087	662	2.942	1.371	1.571
16 - 24 anos	7.436	4.193	3.467	726	3.243	1.298	1.945
25 - 34 anos	15.200	9.447	7.755	1.692	5.753	3.155	2.598
35 - 44 anos	7.764	5.008	4.139	869	2.756	1.400	1.356
45 - 54 anos	3.874	2.310	1.943	367	1.564	703	861
55 - 64 anos	2.796	1.444	1.165	279	1.352	558	794
Maiores 65 anos	4.658	3.067	2.377	690	1.591	935	656

	Total						
	Total	Inmigración interna			Inmigración externa		
			Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A. Do estranxeiro		
Total	98.366	58.931	48.560	10.371	39.435	19.602	19.833
< 16 anos	15.850	9.807	8.432	1.375	6.043	2.841	3.202
16 - 24 anos	13.489	7.436	6.226	1.210	6.053	2.474	3.579
25 - 34 anos	29.479	17.970	14.668	3.302	11.509	6.367	5.142
35 - 44 anos	16.847	10.461	8.565	1.896	6.386	3.327	3.059
45 - 54 anos	8.441	4.920	4.091	829	3.521	1.647	1.874
55 - 64 anos	5.965	3.119	2.518	601	2.846	1.234	1.612
Maiores 65 anos	8.295	5.218	4.060	1.158	3.077	1.712	1.365

Fonte: IGE, Movements migratorios

○ 1.5.15.

No ano 2005 non se producen cambios significativos en canto aos principais destinos e orixes destes fluxos migratorios co resto do Estado. Dunha banda, Canarias, Madrid e Cataluña seguen acollendo máis da metade das saídas galegas cara o resto de España (o 50,6%) e das inmigracións procedentes do resto do Estado (50,7%).

Doutra, ao igual que para o conxunto de Galicia, en A Coruña e Pontevedra as devanditas tres comunidades autónomas son o principal destino e orixe destes fluxos migratorios. Pola contra, Cataluña e Madrid son as comunidades que presentan un maior peso dos fluxos migratorios de entrada e de saída en Lugo e Ourense, seguidas de Asturias no primeiro caso e de Castela e León, en Ourense.

No que atinxe ao número de **movements migratorios co estranxeiro**, un total de 19.833 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia e 3.081 persoas residentes en municipios galegos deixaron estes concellos para ir ao estranxeiro. Comparado co ano anterior, o **cadro 1.5.13.** amosa unha medra tanto das inmigracións procedentes do estranxeiro como das saídas de Galicia, rexistrándose unha lixeira caída do saldo migratorio positivo, que acadará un valor de 16.752.

No último ano, o 29,1% das inmigracións procedentes do estranxeiro son de nacionalidade española (5.776 persoas), mentres no conxunto do Estado, esta porcentaxe ascende ao 5,1%. Galicia sitúase coma a segunda comunidade autónoma, tras Madrid, que recibe máis españois procedentes do estranxeiro, co 15,8% do número total de españois procedentes do estranxeiro. Fronte ao elevado peso relativo da inmigración estranxeira de nacionalidade española no conxun-

Emigracións 2005: distribución segundo tipo de migración, sexo e idade

	Homes						
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	40.433	28.713	23.627	5.086	11.720	10.135	1.585
< 16 anos	6.451	5.058	4.345	713	1.393	1.268	125
16 - 24 anos	5.045	3.243	2.759	484	1.802	1.617	185
25 - 34 anos	12.707	8.523	6.913	1.610	4.184	3.749	435
35 - 44 anos	7.531	5.453	4.426	1.027	2.078	1.828	250
45 - 54 anos	3.607	2.610	2.148	462	997	796	201
55 - 64 anos	2.272	1.675	1.353	322	597	430	167
Maiores 65 anos	2.820	2.151	1.683	468	669	447	222

	Mulleres						
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	41.088	30.218	24.933	5.285	10.870	9.374	1.496
< 16 anos	6.003	4.749	4.087	662	1.254	1.150	104
16 - 24 anos	6.105	4.193	3.467	726	1.912	1.675	237
25 - 34 anos	13.383	9.447	7.755	1.692	3.936	3.445	491
35 - 44 anos	6.634	5.008	4.139	869	1.626	1.408	218
45 - 54 anos	2.991	2.310	1.943	367	681	559	122
55 - 64 anos	1.958	1.444	1.165	279	514	365	149
Maiores 65 anos	4.014	3.067	2.377	690	947	772	175

	Total						
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	81.521	58.931	48.560	10.371	22.590	19.509	3.081
< 16 anos	12.454	9.807	8.432	1.375	2.647	2.418	229
16 - 24 anos	11.150	7.436	6.226	1.210	3.714	3.292	422
25 - 34 anos	26.090	17.970	14.668	3.302	8.120	7.194	926
35 - 44 anos	14.165	10.461	8.565	1.896	3.704	3.236	468
45 - 54 anos	6.598	4.920	4.091	829	1.678	1.355	323
55 - 64 anos	4.230	3.119	2.518	601	1.111	795	316
Maiores 65 anos	6.834	5.218	4.060	1.158	1.616	1.219	397

Fonte: IGE, Movements migratorios

1.5.16.

to do Estado, a importancia relativa de estranxeiros que chegan a Galicia é do 2,1%.

Os datos da *Estadística de variaciones residenciales* amosan unha certa equiparación no protagonismo da inmigración masculina e feminina. No caso das inmigracións de estranxeiros, cómpre salientar que, a diferenza do acontecido no caso das inmigracións de persoas de nacionalidade española, existe un maior protagonismo por parte das mulleres. No que atinxe ás inmigracións de persoas de nacionalidade estranxeira, en 2005 as mulleres representan o 50,3%, en tanto que no caso das inmigracións por parte de españois, esta porcentaxe era do 46,9%.

En relación aos países de procedencia, os cinco países máis importantes en canto ao número de inmigracións son Brasil, con 2.385, Venezuela, con 1.539 migracións, Suíza, con 1.512, Arxentina, con 1.291 e Portugal, con 1.281 migracións. No que atinxe ás inmigracións de persoas con nacionalidade española, as máis numerosas son as procedentes de Suíza e Venezuela, en tanto que no caso da nacionalidade estranxeira, os primeiros países de procedencia son Brasil e Portugal.

No concernente á distribución por idades das inmigracións do estranxeiro, o **cadro 1.5.15.** reflicte o predominio das inmigracións das persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, que supoñen o 25,9% do total destes fluxos migratorios (catro puntos porcentuais menos que o peso relativo correspondente ao número total de inmigracións) e entre 16 e 24 anos, que representan o 18% do total destes movementos (13,7% no caso do volume total de inmigracións).

Inmigracións de retorno ao concello de nacemento 2004-05: distribución segundo tipo de migración					
	2004				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	7.558	1.956	2.953	5.373	17.840
Inmigración interna	4.654	1.256	1.798	2.988	10.696
Da mesma provincia	4.195	834	1.367	2.550	8.946
Doutra provincia	459	422	431	438	1.750
Inmigración externa	2.904	700	1.155	2.385	7.144
Doutra C.A.	1.869	549	678	1.675	4.771
Do estranxeiro	1.035	151	477	710	2.373
	2005				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	7.369	1.870	2.910	5.553	17.702
Inmigración interna	4.753	1.257	1.713	3.118	10.841
Da mesma provincia	4.329	868	1.327	2.630	9.154
Doutra provincia	424	389	386	488	1.687
Inmigración externa	2.616	613	1.197	2.435	6.861
Doutra C.A.	1.742	512	729	1.802	4.785
Do estranxeiro	874	101	468	633	2.076

Fonte: IGE, Movementos migratorios

1.5.17.

gracións dos homes cara ao estranxeiro, que representan o 51,4% das persoas que saen ao estranxeiro. Dos 3.081 movementos migratorios cara ao exterior acontecidos nese ano, 1.585 corresponderon a homes e as 1.496 restantes a mulleres. Con todo, este lixeiro predominio non se dá en tódolos estratos de idade xa que o volume destas migracións no caso das mulleres segue sendo superior entre as persoas con idades comprendidas entre 16 e 34 anos.

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar aos fluxos migratorios é o das **inmigracións de retorno** ao concello de nacemento. Estes fluxos volveron a descender no ano 2005 (último dato dispoñible) ata acadar os 17.840 movementos (un 0,8% menos que en 2004), dos que 10.841 corresponden á inmigración interna e 6.861 movementos migratorios, á inmigración externa.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que acollen o maior número de inmigracións de retorno, con 7.369 e 5.553 fluxos migratorios, o que representa o 73% do conxunto destas migracións. Comparado co acontecido no ano anterior, todas as provincias galegas, agás Pontevedra, cun nivel de fluxos migratorios un 3,4% superior ao do ano anterior, presentan un descenso do volume total de inmigracións de retorno. En termos relativos, Lugo e A Coruña foron as provincias que experimentaron as maiores caídas, cun 4,4% (86 inmigracións menos) e 2,5% (189 inmigracións de retorno menos), respectivamente.

No que atinxe á distribución segundo tipo de migración, a provincia de Pontevedra, a diferenza do que acontece en Ourense, presenta unha medra do volume de inmigración interna, tanto da procedente de concellos da mesma provincia coma doutras provincias. Por contra, A Coruña e Lugo experimentan tan só unha caída das migracións doutras provincias.

Canto ás inmigracións de retorno procedentes doutras comunidades autónomas e do estranxeiro, estas descenderon en conxunto un 4% ata acadar as 6.861 migracións no ano 2005. Dunha banda, as procedentes doutras comunidades autónomas acadaron os 4.785 movementos, un 0,3% máis que no ano anterior. Doutra, os fluxos migratorios procedentes do estranxeiro descenderon ata as 2.076 migracións, un 12,5% menos que no ano anterior. Atendendo á distribución provincial, o **cadro 1.5.17.** reflicte unha caída, nas catro provincias galegas, das inmigracións procedentes do estranxeiro, mentres que no caso das inmigracións procedentes doutras CC.AA. este descenso se produce tan só en A Coruña e Lugo. ■

